



## INFORME SOBRE A PROPOSTA DE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Expte: MA-D-01-2018)

Con data do 3/04/2019, recíbese escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no que solicita o informe sobre a proposta da relación de postos de traballo desa consellería.

Acompáñanse memorias funcional e económica, así como as Actas da negociación previa celebrada coas organizacións sindicais os días 15 e 27 de marzo de 2019, da proposta de modificación da relación de postos de traballo da consellería.

Consta no expediente a solicitude do informe á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa (DXARA) da presente proposta de modificación da RPT, segundo o disposto no artigo 41.2.E.a) do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O 13 de maio recíbese neste centro directivo, mediante correo electrónico o informe da DXARA.

Posteriormente o **24/05/2019** remítese pola Consellería, nova proposta complementaria que modifica a formulada inicialmente.

De conformidade co establecido no artigo 22.2 do Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, emítese o seguinte:

### INFORME:

**Primeiro.-** O Decreto 88/2018, do 26 de setembro, establece a actual estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Esa estrutura foi desenvolvida polo *“Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos”*.

Nesta última norma estableceuse o nivel organizativo dos órganos superiores e de dirección da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a relación de entidades do sector público que a integran.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda agrupa, xunto as competencias de medio ambiente, urbanismo e paisaxe, as relacionadas coa vivenda e a rehabilitación, ao ter adscrito o Instituto Galego da Vivenda e Solo.

**Segundo.-** Mediante o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, establécese a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. (DOG núm. 79 do 25 de abril de 2019) que se estrutura nos seguintes órganos superiores e de dirección:

- a) O/a conselleiro/a.
- b) A Secretaría Xeral Técnica.
- c) A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.



- d) A Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
- e) A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Quedan adscritos a esta consellería os seguintes organismos e entes:

a) O organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en virtude do mandato recollido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e cuxos estatutos foron aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro.

b) O organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo, creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril.

c) O ente público de natureza consorcial Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, creado pola Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e cuxos estatutos establece o Decreto 213/2007.

Por conseguinte a entidade pública empresarial: Augas de Galicia pasa a depender da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o organismo autónomo: Instituto Galego de Vivenda e Solo pasa a depender da nova Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

**Terceiro.-** A vixente RPT, a modificar no expediente de referencia, ten a súa orixe na RPT da extinta Consellería de Medio Ambiente, e Ordenación do Territorio que foi publicada mediante Resolución do 12 de maio de 2017 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 11 de maio de 2017 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. (DOG núm. 97, do 23 de maio).

Indicar que na RPT referida ademais de adaptar as unidades da consellería á estrutura organizativa dese momento, procedeuse tamén a **adaptar os postos de traballo aos corpos/escalas** previstos nas disposicións adicionais oitava e novena da Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia.

Esta adaptación supuso a eliminación da titulación requirida para os postos (ao ser necesaria para o acceso á escala correspondente) e de moitos dos méritos requiridos que se entenden xa engadidos nos propios, para acceder á escala de referencia. Deste xeito, os postos configúranse en relación coas funcións que teñen atribuídas e a titulación que se requiría nos mesmos.

Así mesmo, **modifícouse a forma de provisión** de postos por libre designación e concurso específico ao previsto na Resolución do 25 de febreiro de 2016 da Dirección Xeral da Función Pública (DOG núm. 44, do 4 de marzo) pola que se ditou instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.



Por outra parte, nesa RPT se procedeu a engadir a columna correspondente á **área funcional** na que, no seu caso, se incardina o posto de traballo, segundo o regulado na Orde do 10 de maio de 2017 pola que se modifica a Orde do 21 de novembro de 1989 pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, se aproba o modelo e se ditan instrucións para o cubrir (DOG núm. 90 do 11 de maio de 2017).

**Cuarto.-** A modificación da RPT obxecto deste informe formula a seguintes propostas:

**1º.-** Os cambios da nova estrutura da consellería con respecto á establecida, son os seguintes:

Na Dirección Xeral de Patrimonio Natural e na Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo créanse **dous novas unidades** denominadas ambas as dúas: “**Servizo de Xestión Económica e Orzamentaria**”, nivel **28A** aos que se lles encomenda a elaboración dos anteproxectos de orzamentos da Dirección Xeral respectiva, a súa execución, seguimento e coordinación; funcións inherentes á xestión económica: execución, seguimento e control; xestión da execución dos contratos administrativos por razón de materia; xestión dos expedientes dos contratos menores; convenios, protocolos, etc.

Por outra parte na Secretaría Xeral Técnica modifícase a denominación das seguintes unidades:

“Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e de Coordinación Administrativa e da Planificación” que pasa a denominarse “Subdirección Xeral de Réxime Xurídico-Administrativo”, asumindo funcións do estudo e tramitación dos anteproxectos e proxectos de disposicións de carácter xeral que elaboren os distintos centros directivos da Consellería.

“Servizo de Reclamacións e Recursos” que pasa a denominarse “Servizo Técnico Xurídico”, asumindo funcións do estudo e tramitación das reclamacións, recursos e requirimentos formulados contra os actos e resolucións ditados polos distintos órganos da Consellería, cando non estean atribuídos a outros órganos desta.

“Servizo de Coordinación Administrativa e da Planificación” que pasa a denominarse “Servizo de Xestión Administrativa”, asumindo funcións de tramitación de convenios e protocolos de colaboración en que sexa parte a Consellería e non sexan competencia doutros órganos desta.

Nas Xefaturas Territoriais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra o “Servizo de Conservación da Natureza” pasa a denominarse “Servizo de Patrimonio Natural”, asumindo funcións de elaboración dos informes ambientais e propostas de concesión autorizacións dos usos e actividades, así como dos plans, programas e proxectos que non requiran da avaliación das repercusións ás que se refire o artigo 46 da Lei 42/2007, de 13 de decembro.

**2º.-** Modificacións derivadas do “Acordo asinado o 11 de outubro do 2018 entre a Consellería do Medio Rural; a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; a Consellería de Facenda e as organizacións sindicais, sobre as condicións de traballo dos axentes forestais e medioambientais”.

O parágrafo Segundo de dito acordo fai constar o seguinte:





*“Modificación da configuración dos postos de traballo pertencentes ás diferentes categorías de axentes forestais e facultativos medioambientais.*

*a) Os funcionarios das escalas de axentes forestais e facultativos medioambientais verán incrementadas as funcións que teñen encomendadas coa asunción da nova regulación das obrigas de Xestión de Biomasa que resulta da última modificación da lei de incendios, de participación no caso de que fosen requiridos en operativos de emerxencias (busca e rescates), operativos de extinción de incendios en espazos naturais protexidos así como a realización de actuacións de protección e de conservación do patrimonio natural dentro dos espazos naturais protexidos tales como: toma de datos de xeoreferenciados, levantamento de planos, inspección e seguimento de ocupacións, cambios de uso do solo, e, fundamentalmente, a vixilancia da correcta xestión de biomasa en zonas incluídas na rede natura 2000 ou limítrofes a esta. Para este último fin, previo ao comezo de cada período que se defina como época de perigo de incendios, emitirán un informe sobre o estado das zonas das redes de franxas de xestión de biomasa do distrito correspondente. Igualmente realizarán as funcións inspectoras establecidas na normativa de patrimonio natural.*

*b).- Como contrapartida, incrementase:*

*1) O nivel de complemento de destino dos postos das diferentes categorías de axentes no período comprendido entre o ano 2019 e 2020, a razón dun nivel cada una desas anualidades, de tal xeito que:*

- 1 de xaneiro de 2019 os complementos de destino 14, 16 e 18 pasarán a incrementarse de forma que quedarán en niveis 16, 17 e 19 respectivamente.*
- 1 de xaneiro de 2020 os complementos de destino 16,17 e 19 pasarán a incrementarse nun grao cada un deles de forma que quedarán en niveis 17, 18 e 20 respectivamente.*
- Día 1 de xaneiro de 2021 o complemento de destino 17 pasa a incrementarse nun grado de forma que nesta data acada o nivel 18.*
- O incremento de niveis leva aparelado o incremento de contía correspondente segundo a orde de confección de nóminas no complemento específico asociado.*

*2) O compoñente singular do complemento específico, a razón de 20 € ao mes en cada unha das anualidades correspondentes aos anos 2019, 2020 e 2021”.*

**3º.-** Ademais destas adaptacións xerais, a presente proposta realiza as seguintes variacións:

**a) Amortizacións:**

Suprimense os seguintes postos vacantes sen ocupación:

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL/CATEG.
MA.C02.00.000.15770.044	SUBALTERNO/A	AP	10
MA.C02.00.001.15770.003	SECRETARIO/A DO/A VICESECRETARIO/A XERAL	C1-C2	16
MA.C03.00.001.15770.035	XEFATURA UNIDADE INTERVENCIÓN AMBIENTAL VII	A1	25
MA.C03.00.401.15001.003	RESPONSABLE ÁREA MICROBIOLOXÍA AMBIENTAL I	A1	22
MA.C03.00.401.15001.007	POSTO BASE SUBGRUPO A1	A1	20
MA.C03.00.401.15001.008	POSTO BASE SUBGRUPO A1	A1	20
MA.C03.00.401.15001.010	POSTO BASE SUBGRUPO A1	A1	20



CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL/CATEG.
MA.C03.00.401.15001.014	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
MA.C03.00.401.15001.015	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
MA.C99.10.000.15001.014	ARQUITECTO/A TÉCNICO/A DE FUNCIÓNS FACULTATIVAS	A2	22
MA.C99.10.000.36001.013	ARQUITECTO/A TÉCNICO/A DE FUNCIÓNS FACULTATIVAS	A2	22
MA.C99.10.000.36001.066	SUBALTERNO/A	AP	10
MA.C99.10.003.27001.004	XEFATURA NEGOCIADO DE DELINEACIÓN I	C1	18
MA.C99.30.187.36210.003	GARDA FLUVIAL	IV	7
MA.C99.30.198.36110.030	GARDA FLUVIAL	IV	7
MA.C99.30.310.15720.050	PEÓN/OA FORESTAL	V	10F
MA.C99.40.301.15560.030	CAPATAZ DE ESTABLECEMENTO	III	80
MA.C99.40.301.15790.030	CAPATAZ DE ESTABLECEMENTO	III	80
MA.C99.40.301.15790.033	PEÓN/OA FORESTAL	V	10F
MA.C99.40.301.15790.034	PEÓN/OA FORESTAL	V	10F

Analizada a información verifícase que todos estes postos atópanse vacantes sen ocupación excepto os postos co código e denominación seguintes:

MA.C03.00.401.15001.003 RESPONSABLE ÁREA MICROBIOLOXÍA AMBIENTAL I

MA.C02.00.001.15770.003 SECRETARIO/A DO/A VICESECRETARIO/A XERAL

Ámbos postos figuran ocupados por dous funcionarias en comisión de servizos.

**b) Creacións:**

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL/CATEG.
MA.C02.00.001.15770.028	XEFATURA NEGOCIADO HABILITACIÓN E SEGUR. SOCIAL	A2-C1-C2	18
MA.C03.00.001.15770.007	XEFATURA DE SECCIÓN	A1-A2-C1	25
MA.C03.00.401.15001.007	XEFATURA DE SECCIÓN	A1-A2	25
MA.C03.00.401.15001.008	XEFATURA DE SECCIÓN	A1-A2	25
MA.C03.00.401.15001.105	TITULADO/A SUPERIOR ESPECIALISTA	I	19
MA.C03.00.401.15001.126	ANALISTA DE LABORATORIO	III	17
MA.C03.00.401.15001.127	ANALISTA DE LABORATORIO	III	17
MA.C04.00.000.15770.041	XEFATURA DE SERVIZO DE XESTIÓN ECONÓMICA	A1-A2	28A
MA.C04.00.003.36560.034	AXENTE	C1-C2	16
MA.C04.00.003.36560.035	AXENTE	C1-C2	16
MA.C04.00.003.36560.036	AXENTE	C1-C2	16
MA.C04.00.003.36560.037	AXENTE	C1-C2	16
MA.C05.00.000.15770.090	XEFATURA DE SERVIZO DE XESTIÓN ECONÓMICA	A1-A2	28A
MA.C99.10.000.32001.056	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
MA.C99.10.002.15001.015	POSTO BASE SUBGRUPO A1	A1	20
MA.C99.30.030.15580.008	CAPATAZ DE ESTABLECEMENTO	III	80
MA.C99.30.030.15580.015	PEÓN/OA FORESTAL	V	10F



CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL/CATEG.
MA.C99.30.040.15560.015	CAPATAZ DE ESTABLECEMENTO	III	80
MA.C99.40.301.15570.042	PEÓN FORESTAL	V	10F
MA.C99.40.301.15570.050	POSTO BASE SUBGRUPO A1	A1	20

Entre as creacións cómpre facer constar as derivadas de execución de sentenzas firmes:

Figura na memoria funcional do expediente a xustificación das creacións dos postos co referencia aos seguintes traballadores/as:

Nome Lab. Indefinida/o	Procedemento	Código do posto	Denominación do posto	Grupo	Nivel/Cat.
F.J. BALADO AMADO	TSXG Sala Social 5109/2015	MA.C99.40.301.15570.050	TITULADO/A SUPERIOR VETERINARIO/A	A1	20
M. SOTELO ACUÑA	TSXG Sala Social 5090/2016	MA.C03.00.000.15770.014	TITULADO/A SUPERIOR BIÓLOGO/A	A1	20
L. GÓMEZ TELLADO	TS Sala Social 703/2017	MA.C03.00.401.15001.105	TITULADO/A SUPERIOR ESPECIALISTA. TITULADO/A SUPERIOR FARMACEUTICO/A	I	19
M. ROUCO VIDAL	TSXG Sala Social 455/2014	MA.C99.10.000.32001.056	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12

Estes postos de traballo deberán configurarse dependendo da natureza das funcións que desenvolven, de acordo co disposto no artigo 28 da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 que establece o seguinte:

*“Relacións de postos de traballo*

*Un. As relacións de postos de traballo poderanse modificar para executar as sentenzas xudiciais firmes de recoñecemento dunha relación laboral de carácter indefinido non fixo que requiran a creación de postos de traballo, por non poder adscribir os afectados a un posto preexistente que estea vacante sen ocupación. Este posto preexistente deberá ser acorde coa natureza funcional ou laboral en relación coas funcións asignadas pola sentenza xudicial firme para poder adscribir a el o persoal afectado.*

*Con carácter xeral, os postos de traballo de carácter administrativo da Administración da Comunidade Autónoma serán creados como de persoal funcionario, agás que pola natureza das súas funcións teñan que ser creados para ser desempeñados por persoal laboral, de acordo co que establece a normativa de función pública.*

*A súa creación propoñerase no prazo máximo de tres meses, contados a partir da data de firmeza da sentenza xudicial, e, logo de se crear o posto, adscribirase provisionalmente a el a persoa afectada pola sentenza e procederase seguidamente á súa cobertura mediante os sistemas de selección e provisión legalmente establecidos.*

*Sen prexuízo do anterior, as consellarías e os seus organismos dependentes poderán propoñer mediante a correspondente modificación da relación de postos de traballo a amortización daqueles postos de traballo que consideren que non son necesarios para o cumprimento das funcións que teñen asignadas”.*

Unha vez modificada a relación de postos de traballo, a persoa afectada será adscrita ao posto de nova creación.

Na columna de observacións da RPT faise constar a observación de ocupado por persoal laboral indefinido non fixo.



Estes postos proveranse ben a través dos sistemas de provisión legalmente establecidos ou ben a través da oferta pública de emprego.

### c) Modificacións:

Ademais das xa indicadas no parágrafo primeiro que derivan do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería debe facerse constar pola súa relevancia a seguinte modificación:

- Créase un novo Centro de Recuperación de Fauna de Carballedo, nas instalacións de Conservación da Natureza que substitúe na RPT, ao Complexo Ambiental Cotorredondo. Os postos de traballo quedan adscritos a este novo centro.
- Pluses de singularidade: Engádesse na RPT un complemento de singularidade de posto por responsabilidade, de contía de 2.100 € anuais aos postos con código MA.C99.40.301.27001.012 e MA.C99.40.301.27001.013, denominados Capataz de Establecemento, pertencentes ao centro Complexo Ambiental O Veral (Lugo) en execución de sentenzas da orde contencioso-administrativo.

Proponse así mesmo, en aplicación do principio de igualdade, estender este complemento aos restantes postos de Capataz de establecemento dos centros análogos das outras provincias e, en concreto, dos centros que teñen encomendadas, entre outras, as funcións de recuperación de fauna salvaxe. Ao Centro de Recuperación de Fauna Salvaxe de Santa Cruz e o Complexo Ambiental de Cotorredondo.

En detalle, introdúceselle aos seguintes postos de traballo de Capataz de establecemento cos seguintes códigos: MAC994030115570030 e MAC994030136570003.

Consta no expediente a solicitude para a convocatoria da mesa do Comité Intercentros, segundo o indicado no artigo 26.3, in fine, do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, en relación cos complementos de singularidade da presente proposta.

- O posto con código **MAC030000015770021**, denominado Posto Base Subgrupo A1, procede abrilo á administración especial, escala de ciencias (especialidade bioloxía) en lugar da xeral, para emendar o erro na execución da sentenza, dado que a persoa adscrita, o está na súa condición de licenciado en bioloxía.
- A Xefatura de Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, con código MAC030000215770007, modifícase no sentido de propoñer como escalas de adscrición a de Enxeñeiros,-especialidade de Montes e a de Enxeñeiros técnicos,-especialidade Técnica agrícola.
- Proponse a apertura a outras administracións dos seguintes postos de traballo para facilitar a súa provisión. As xustificacións figuran na proposta achegada:



A xefatura de Servizo de Xestión Económica da Dirección Xeral de Patrimonio Natural propónse a súa apertura a outras administracións código:A11,. Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA.

A Xefatura de Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos na Dirección Xeral de Ordenación do Territorio propónse o código: A12 Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado, CC.AA. e Administración Local.

- Elimínase da memoria inicial a proposta de provisión mediante o sistema da Libre Designación do posto co código e denominación:

MA.C99.10.002.32001.005 Xefatura de Área de Parques Naturais, de nivel 26 .

Non obstante pola súa singularidade e funcións solicítase que sexa provisto mediante concurso específico. Por outra banda e para facilitar a súa cobertura propónse para funcionarios dos corpos ou escalas da Administración Especial.

- Na Dirección Xeral de Patrimonio Natural propónse que as Xefaturas de área técnica dos servizos provinciais de patrimonio natural se abran á Escala de Ciencias, especialidade de bioloxía.
- No Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia recodifícanse os postos de traballo para presentalos ordenadamente na relación de postos.
- Engádeselle ao posto MAC994030136570034, Peón forestal, a observación “Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo”, en virtude de sentenza firme da xurisdicción social que recoñece a indefinición á ocupante do posto .

.Por outra parte, facer constar que esta proposta de modificación da RPT non afecta aos organismos ou entes, indicados no apartado primeiro, adscritos á consellería, que contan coas súas propias relacións de postos de traballo.

De conformidade co exposto, e consideradas as xustificacións organizativas e funcionais contidas na proposta, este centro directivo **INFORMA FAVORABLEMENTE** a proposta da relación de postos de traballo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda procedendo a sometela ao preceptivo informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Incorpórase a este informe o Anexo da RPT, así como a memoria funcional e económica remitida.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

O director xeral da Función Pública

*bonnie*

Jose María Barreiro Díaz